

PLAN DIXITAL

CPI Plurilingüe de Castroverde

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Denominación completa: Centro Público Integrado Plurilingüe de Castroverde

Enderezo: Rúa dos nenos, s/n (Castroverde – Lugo) C.P.: 27120

Teléfono: 982870175

Fáx: 982 870172

Páxina web: www.edu.xunta.es/centros/cpicastroverde

Correo electrónico: cpi.castroverde@edu.xunta.es

Etapas: Infantil, Primaria e ESO

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O “CPI Castroverde” é un centro público e rural situado no casco urbano da vila de Castroverde. Recibe alumnos/as do Concello de Castroverde en infantil, primaria e secundaria e do Concello de Baleira en en Secundaria.

Ambos Concellos posúen unha situación socioeconómica e cultural semellantes, sendo unha das súas actividades principais a agricultura e a gandería e, cada vez en maior medida, o sector servizos.

O CPI de Castroverde ten tres unidades en educación infantil, seis en educación primaria e outras catro en educación secundaria obrigatoria. No presente curso están matriculados 182 alumnos/as.

Durante os últimos cursos previos á pandemia, as familias tiveron un papel moi activo na formación xa que o centro é Comunidade de Aprendizaxe e participaron fundamentalmente a través de grupos interactivos, tertulias dialóxicas, formación de familiares, etc. Igualmente dase unha interrelación entre clases, niveis e incluso etapas grazas aos apadriñamentos lectores e científicos e moitos proxectos conxuntors (Aula Maker, Proxecto Ríos, etc).

A resposta das familias a calquera tipo de petición de colaboración ñé, en xeral, moi boa, independentemente de que poda haber caos puntuais nas que falle.

En parte debido á situación provocada pola pandemia, na actualidade, todo o alumnado a partires de segundo de primaria, é capaz de acceder a contidos dixitais da Aula Virtual, eguir clases online, etc. Todo isto a pesares de que algúns fogares contan con conexións a Internet moi deficitarias.

Na plantilla contamos con 33 docentes, repartidos do seguinte xeito:

- 4 mulleres en Infantil
- 12 mulleres e 2 homes en Primaria
- 12 mulleres e 2 homes en Secundaria

No que se refire á Educación Primaria e Infantil conta con catro mestras especialistas en Educación Infantil, seis especialistas en Educación Primaria, un especialista en Educación Física, unha especialista en Música, unha especialista en Inglés, un especialista en relixión que acude ao centro tres días e medio á semana debido a que está compartido co centro de Baleira, tres especialistas en Pedagogía Terapéutica e unha especialista en Audición e Linguaxe.

INSTALACIÓNS

O **centro escolar** está constituído por catro edificios (módulos) e un amplo patio.

- O módulo I dos edificios é rectangular e nel están situadas as aulas de Infantil e Primaria. Na planta baixa encontramos as tres aulas de Infantil cos seus respectivos servizos adaptados (ben dentro da propia aula ou no exterior), os despachos de dirección, secretaría e xefatura de estudos, aseos para os mestres/as e a aula de informática. Na primeira planta sitúanse as seis aulas de primaria, o salón de actos, o despacho da mestra de pedagogía terapéutica, e os aseos.
- O segundo dos edificios é rectangular igual co primeiro, pero máis grande ca este. Na planta baixa atopamos o comedor, a cociña, a biblioteca. Na primeira planta atopamos as seis aulas de secundaria, a aula de educación plástica e visual e os aseos.
- No terceiro dos edificios de recente construción está a sala de mestres/as, os despachos de orientacións e das distintas áreas, conserxería e os aseos. Na primeira planta están situadas as aulas de música, informática, laboratorio e aula de tecnoloxía.
- O cuarto módulo é un edificio central que corresponde co ximnasio, que conta cun amplo espazo en madeira con diversas pistas de fútbol, baloncesto, volleyball... Tamén dispón de

material variado (pelotas, raquetas, cordas, bancos suecos...) para impartir a materia de Educación Física, así como vestiarios e un despacho para o mestre de primaria e un para o mestre de secundaria.

- Úsase un quinto edificio que xa non pertence ao colexio, xa que é o pavillón dos deportes. O Concello de Castroverde autoriza o uso por parte do CPI de Castroverde para a realización de diversas actividades, sobre todo para realizar Educación Física nas horas que o ximnasio está ocupado polos alumnos/as de Primaria. Este conta cun amplo espazo para a realización de diversos deportes, aseos, vestiarios e gradas.
- O patio divídese en diversos espazos tales coma: o areeiro onde xogan os nenos/as de Infantil, o campo de fútbol descuberto, pista de volley ou outros xogos, a pista cuberta que conta cun campo de fútbol e baloncesto, dous pequenos recintos cubertos para os días de choiva aproveitados noutros momentos para xogar a outros xogos coma e dous espazos verdes.

RECURSOS COMPLEMENTARIOS

Conta con comedor. Hai dúas quendas de comida de alumnado, infantil e primaria e secundaria.

O centro ten servizo de transporte. Todos os alumnos/as son transportados ao centro en autobús, exceptuando aos da propia vila. Por este motivo existen ata 13 rutas diferentes, que segundo a cantidade de alumnos/as que teña que recoller cada curso se fan nun autobús máis grande ou máis pequeno.

No centro realízanse **actividades complementarias e extraescolares** organizadas por diferentes organismos:

- Actividades organizadas polo colexio: Festivais (de Nadal, letras galegas, fin de curso, obras de teatro, Magosto, festa do Entroido...), viaxes e actividades culturais.
- Actividades organizadas pola ANPA
- Actividades organizadas polo Concello
- Actividades organizadas por familiares
- Actividades organizadas polo Club Polideportivo Castroverde

O colexio desenvolve unha serie de **proxectos de** tales como:

- Comunidades de aprendizaxe: Proxecto no que se pretende implicar a toda a comunidade educativa (Administración, familias, docentes) para a educación dos rapaces/zas, xa que se considera que o alumnado debe aprender a través de diferentes perspectivas que poden ofrecer os mestres/as, os pais/nais, irmáns/irmás, universitarios/as... Englóbanse aquí actividades como os Grupos Interactivos heteroxéneos ou as Tertulias Literarias Dialóxicas.
- Club de Lectura e Tertulias Literarias Dialóxicas: Ambas iniciativas están encamiñadas a lograr o fomento da lectura entre o alumnado, e sobre todo, conseguir que esta se faga dun xeito comprensivo. No primeiro dos casos promóvese o uso da biblioteca como lugar de traballo e a dedicación de 20 minutos semanais á lectura na aula, nas sesións da tarde en educación infantil e primaria (as lecturas son elixidas polo mestre/a titor/a: novas periódicas, artigos na rede, trípticos de publicidade...). No segundo dos casos preténdese que o alumnado traballe a lectura na casa coa implicación das familias, polo que o centro propón a lectura dun texto (normalmente un capítulo dalgún libro), con posterioridade fíxase un día para que todos os interesados dialoguen sobre a lectura realizada.
- Plan de dinamización das TICs (ata a data): Preténdese achegar, tanto a alumnos/as como a mestres/as ás novas tecnoloxías, para que estas sexan pouco a pouco introducidas nas aulas.
- Plan de convivencia: Preténdese crear un clima adecuado para reducir a conflitividade, resolver conflitos mediante o diálogo... O plan de convivencia forma parte do proxecto educativo de centro.
- Plan de acción tutorial: Considerase que o mestre/a non é soamente profesor senón que tamén debe desempeñar unha labor de orientación ante os seus alumnos/as.
- Proxecto ABALAR e EDIXGAL: Concedido para os cursos de 5º, 6º de Primaria e ESO. O alumnado non ten libros de texto e emprega os ordenadores e os contidos dixitais.
- Dinamización da lingua galega: Pretende que os rapaces/zas empreguen o galego en todos os ámbitos da súa vida.

- Plan de mellora de bibliotecas escolares: Pretende renovar e actualizar a biblioteca para dotala de recursos e fomentar a lectura non só de libros en papel senón favorecendo a alfabetización múltiple.
- Biblioteca Creativa. Trata de impulsar o acchegamento á tecnoloxía e cultura maker (robótica, impresión 3D).
- Club de Ciencia. Aprender ciencia compartindo coñecementos entre persoas da comunidade que deseñan e realizan diversas investigacións e prácticas de ciencia ou tecnoloxía.
- Plurilingüismo e auxiliar de conversa. Impártense as materias de plástica, música e informática en inglés na etapa de educación secundaria.

Para levar a cabo os proxectos anteriormente mencionados o centro realiza unha serie de actividades concretas (en moitos casos en cooperación coas familias) e participa nunha serie de programas tales como:

1. Contrato-Programa para a mellora do éxito escolar: Inclúe o programa PROA e outras actuacións para a mellora das competencias clave. Neste plan inclúense as diferentes actuacións educativas de Comunidades de Aprendizaxe.
2. Plan Proxecta:
 - Quérote máis
 - Proxecto Deportivo de Centro
 - Proxecto Ríos
3. Plan Director para a Mellora da Convivencia escolar (Garda Civil)
4. Plan de Formación Permanente do Profesorado. Pretende formar a toda a comunidade ademais dos docentes tamén as familias a través de itinerarios formativos.

O centro presta as súas instalacións e materiais para a realización de actividades extraescolares por parte do Concello, da ANPA ou institucións da Comunidade como o CLUB polideportivo Castroverde.

Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.

Pretendemos que o Plan Dixital contribúa a encamiñar ao noso centro á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible a través do Proxecto dos Polos Creativos que estamos solicitando á Consellería. O noso plan xira en torno á formación do profesorado para unha adecuada participación no Proxecto dos Polos Creativos, como se describe detalladamente máis adiante.

Aínda no caso de non ser seleccionados para o proxecto dos Polo Creativos, esta formación permitirá que traballemos na liña do Desenvolvemento Sostible da axenda 2050 que é o marco global no que pretendemos traballar nos vindeiros cursos.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Normativa

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do presente pla, membros do seminario do PFPP “Análise da competencia dixital, elaboración do plan dixital e educación dixital” seguiron as indicacións do equipo Adix correspondente ao noso centro. Os pasos foron:

- _ Elaboración e aplicación do cuestionario SELFIE.
- _ Envío do informe.
- _ Difusión e aplicación do CDD e envío informe.
- _ Creación e envío de formulario para recoller aportacións do claustro para elaboración do DAFO.
- _ Redacción do DAFO recollendo información do SELFIE, CDD, o formulario anterior e a análise cualitativa de necesidades.
- _ Elaboración do Plan de acción a partires do DAFO e das propostas de futuros proxectos do centro.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura dixital

Desde este curso contamos con conexión con fibra de ata 1 Gbp e unha rede secundaria do Programa "Escuelas Conectadas" que fai de soporte cando falla a primeira, e direccionamento IP automático. Quedaría pendente unha mellora do cableado interno para poder beneficiarse con maior eficacia do aumento da velocidade de entrada.

Hai conexións ethernet individuais en todas as aulas quedando algún swicht multisaída naquelas dotadas de moitos equipos, como as aulas de informática.

O centro conta con puntos wifi renovados para emitir a sinal Abalar e a da Xunta, repartidos nos distintos módulos para mellorar a cobertura (específicos na biblioteca e na aula de informática de EI e EP).

Equipamento total:

- Pcs de sobremesa funcionando: 68, dos cales 12 na aula de informática de EP e 23 na de ESO. Do total, 45 terían necesidade de actualización ou renovación.
- Pcs portátiles (aulas, administración, departamentos...): 27
- Portátiles mobilidade: 19
- Impresoras: 16
- Impresoras 3D: 3
- Videoproxectores: 20
- Pantallas dixitais con videoproxector: 17
- Outras pantallas para videoproxector: 3
- Pantallas Clevertouch: 7
- Portátiles Abalar nas aulas : 6
- Portátiles Abalar profesorado: 9
- Netbooks Abalar E-Dixgal alumnado: 93
- Tablets para uso alumnado ESO: 32
- Tablets uso profesorado: 5
- I pads uso biblioteca: 17
- Equipos de son portátiles: 2
- Fotocopiadoras: 2

Aulas dixitalizadas

- Todas as aulas de EI, EP e ESO están equipadas con pcs, pantallas dixitais e conexión por cable a internet.
- 5º e 6º de EP contan con equipamento Abalar, incluídos os carros de carga para os portátiles E-Dixgal do alumnado.

- Toda a ensinanza na ESO está no programa E-Dixgal coa novidade de dispoñer de pantallas dixitais Clevertouch.
- A aula de informática de EI e EP vai reorganizarse con 12 equipos de sobremesa, pdi e conexión a internet en todos eles.
- A aula de informática da ESO conta con 23 equipos conectados a internet.
- Laboratorio, aulas de tecnoloxía, música, plástica, PT, orientación, e AL dispoñen de pcs, pdis, impresoras e conexión a internet.
- Na biblioteca hai oito puntos de conexión ethernet para pcs ou tablets e 2 pcs de sobremesa. A pantalla é Clevertouch. Hai dispoñibles 17 ipads para uso do alumnado. Conta con equipo de son.
- No salón de actos contamos con pc portátil e equipo audiovisual para eventos.
- Na aula Maker hai puntos de conexión a internet, 4 pcs de sobremesa e pdi. Tamén están activados 4 miniequipos Raspberry.
- Na ESO hai 32 tablets co carro de carga para uso do alumnado e punto wifi adicado.

O alumnado do programa E-Dixgal conéctase a través dos distintos puntos wifi do centro á rede Abalar.

Hai 19 portátiles de uso móbil que o alumnado pode utilizar nas aulas ou noutros espazos do centro.

Servizos dixitais educativos

- [Páxina web.](#)

Nela figura información relevante para os diferentes sectores da comunidade educativa, tanto pedagóxica como administrativa. Publícanse, case a diario, novas do que ocorre no centro relacionadas con cada proxecto do que forma parte e cos marcos metodolóxicos e organizativos nos que se sitúa o colexio. <https://www.edu.xunta.gal/centros/cpicastroverde/>

- Aula virtual

Constitúe o pilar sobre e que se centrou a actividade do centro durante o curso 20/21 tras recibir a meirande parte do profesorado formación no seu uso. É unha das canles máis utilizadas en casos de confinamento de alumnado e tamén a diario.

- Edixgal

Empregada a partir de quinto de primaria con regularidade, cada vez por máis profesores destes grupos.

- Webex

Usamos esta ferramenta hoxe en día para reunións do profesorado (claustros, consellos, CCP, avaliacións...) e sesións de formación, combinadas con presencialidade e para que seguisen as clases clases alumnos confinados.

- Abalar Móbil

A partir do último trimestre de 2020 todas as familias contan con esta App. Úsase para comunicar notas, avisos administrativos e relacionados coa marcha dos alumnos.

- Grupos de What's App

Creados tamén durante o confinamento de 2020. Resultaron ser unha ferramenta moi eficaz na comunicación diaria mestres-familias e viceversa.

- Google Workspace e outras ferramentas

Configurado co dominio cpidecastroverde, usámolo para almacén de documentos en Google Drive, vídeos didácticos, creación de materiais colaborativos, entre o profesorado e o alumnado, etc. Usamos blogs e redes sociais tipo Instagram para difundir e gardar certos materiais de diferentes materias (inglés, xeografía...), da biblioteca, etc.

Hai moitas outras ferramentas que se empregan no centro (Canva, Genially, Wakelet, Wordwall, ferramentas de creación de Podcasts...) pero que dependen moito de cada profesor en particular.

Da **xestión do mantemento** do equipamento do centro encárgase un mestre e das reparacións, actualización de software, etc, unha empresa especializada. Para o mantemento do equipamento Abalar e o do programa Edixgal contamos coa UAC e co Servizo Premiun E-Dixgal.

2.2.Fontes empregadas para a análise DAFO

Datos recollidos polo SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	5				
	Profesorado	4,3	4,1			
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	5				
	Profesorado	3,9	3,3			
	Alumnado	3,4	3,5			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,8				
	Profesorado	4,5	4,2			
	Alumnado	4,3	3,9			

D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	5				
	Profesorado	4,5	4,5			
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	5				
	Profesorado	4,3	4,4			
	Alumnado		4,2			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	5				
	Profesorado	4,3	4,4			
	Alumnado		4,2			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	4,6				
	Profesorado	3,7	3,2			
	Alumnado		2,9			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	5				
	Profesorado	4,2	4,1			
	Alumnado	3,8	3,7			

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	12	25	48
PROVISIONAL	4	4	100
INTERINO	1	4	25
SUBSTITUTO	0	3	0
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
81,4	Integradora (B1)	76,4	Integradora B1

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf	89,2	B1	68,2	B1
ESO	77,2	B1	79,2	B1
Primaria	88,8	B1	77	B1

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	6	33,3 %
B1	6	33,3 %
B2	5	27,8 %
C1	1	5,6 %
C2		
TOTAL	18	100 %

Formulario para recoller aportacións para análise DAFO (resultados do mesmo):

1. FORTALEZAS (Aspectos relacionados coas TIC, nos que o noso centro é forte).

Edixgal en todos os cursos a partir de 5º de EP
Interese do profesorado en formarse en TIC.

Moitos aparellos tecnolóxicos no centro e bo mantemento
Boa disposición do E Directivo

Equipamento

Existencia de abundantes materias.
Promove o desenvolvemento personal do alumnado.

2. DEFICIENCIAS (Aspectos relacionados coas TIC, nos que o centro é deficitario).

Tempo para formarse

Mala conexión a Internet.

Renovación equipos, conexión

Falta de tempo en horario escolar.
Sobrecarga de accións e proxectos que chegan ao centro.

3. OPORTUNIDADES (Aspectos relacionados coas TIC que supoñen unha oportunidade de mellora,

Interese das familias nas TIC

Interese do alumnado.
Contan con equipos dende 5º e Tablets antes

Conectividade coas familias

E Unha incentiva para a mellora da calidade educativa.

4. AMEZAS (Aspectos relacionados coas TIC que supoñen unha ameaza, referidos a factores externos).
Uso inadecuado por parte dalgúns alumnos ou alumnas e familias que non saben exercer control parenteral
Malas conexións na casas. Pouca reflexión na casa sobre o bo uso das TICs
Mal uso das tic
Demasiada burocracia. Moito control de país, administración etc..

A reflexión sobre os puntos anteriores non revelou ningún elemento que non parecera xa no DAFO, CDD e formulario.

2.3. Análise DAFO

A partires dos informes anteriores, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e que é como segue:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> O centro posúe e administra dispositivos portátiles que se poden levar á casa (alumnado e profesorado) a partires de 5º de primaria (Abalar). Hai dispositivos do centro, xestionados por el, que se poden usar cando se precisan. Hai aistencia técnica cando é necesario. Contamos con Ipads para usar en primaria e infantil, ata cuarto. Todas as aulas e espazos dis`poñen de pizarra dixital. 	<ol style="list-style-type: none"> Necesidade de renovación de algúns equipos. Mala conexión a Internet.
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> Temos acceso a desenrolo profesional continuo, no relativo ao ensino-aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. Interese do profesorado en formarse. Consensuamos a formación concreta que precisamos no eido das tecnoloxías dixitais e pídense PFPP acordos con iso. 	<ol style="list-style-type: none"> Falta de tempo en horario escolar. Sobrecarga de traballo non directamente didáctico que resta enerxía e motivación.

<p>PERSOAL NON DOCENTE</p>	<p>1. Alto nivel de competencia e resolución de problemas no uso das tecnoloxías dixitais por parte da administrativa do centro.</p>	<p>1. Non hai uso de tecnoloxías dixitais máis aló de fotocopiadora, por parte do persoal de non docente excepto o comentado en fortalezas.</p>
<p>ALUMNADO</p>	<p>1. Moito interese polas tecnoloxías dixitais. 2. Facilidade para aprender autonomamente no eido das tecnoloxías dixitais.</p>	<p>1. Escaso espírito crítico á hora de utilizar Internet. 2. Uso inadecuado das tecnoloxías dixitais por parte de algúns alumnos. 3. Excesivo tempo empregado en xogos online, redes sociais, etc.</p>
<p>FAMILIAS</p>	<p>1. Utilizamos tecnoloxías dixitais para comunicación directa coas familias relativas ao centro educativo. 2. Utilizamos tecnoloxías dixitais para informacións actualizadas relativas ao centro educativo (páxina web, etc). 3. Boa aceptación do uso das tecnoloxías dixitais no ensino e na comunicación con elas. 4. Alto interese das familias en que os seus fillos aprendan coas tecnoloxías dixitais.</p>	<p>1. Dominio das tecnoloxías dixitais inferior ao dos seus fillos. 2. Falta de control parental en redes e video xogos.</p>
<p>OFERTA</p>	<p>1. Buscamos recursos en educación dixital en Internet. 2. O alumnado aprende a crear contidos dixitais. 3. Utilizamos Edixgal e Aula Virtual para ensino presencial e a distancia cando é preciso. 4. Temos TIC como alternativa en ESO. 5. Formación específica en TIC en 4º de Primaria.</p>	<p>1. Os abundantes proxectos nos que participa o centro requiren maior interdisciplinariedade. 2. Conveniencia de usar as tecnoloxías dixitais para reflexionar sobre a propia aprendizaxe. 3. Pouco uso das tecnoloxías dixitais para avaliación. 4. Pouco uso para fomentar a creatividade. 5. Pouco traballo colaborativo con tecnoloxías dixitais entre o alumnado</p>
<p>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</p>	<p>1. Apoio do equipo directivo á hora de probar novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais.</p>	<p>1. Estratexia dixital pouco perfilada.</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Apoio técnico cando se precisa.	<p>1. Excesiva burocracia para poder realizar calquera proxecto ou iniciativa (véxase Erasmus, Etwinning, etc.)</p> <p>2. Ferramentas institucionais que funcionan mal con aparellos móbiles, tablets, etc.</p> <p>3. Trabas á hora de usar ferramentas gratuítas externas que resolven dificultades eficazmente.</p>
	LEXISLACIÓN	1. Necesidade de elaborar un Plan Dixital	<p>1. Moitas esixencias en competencias dixitais sen haber sido preparados para iso.</p> <p>2. Nulo recoñecemento oficial do labor do profesorado no eido das tecnoloxías dixitais.</p> <p>3. Nulo recoñecemento do labor dos coordinadores TIC cara a concursos de traslados cando supoñen unha inversión de tempo e recursos persoais moito maior ca outros labores que si están recoñecidos.</p>
	CONTORNA		1. Moi mals conexións a Internet nalgunhas aldeas.
	ANPA	<p>1. Boa disposición para colaborar co centro no uso das tecnoloxías dixitais.</p> <p>2. Asesoramento ás familias neste campo.</p>	
	OUTRAS ENTIDADES		1. Prevalencia nas redes e no mundo dixital en xeral de valores dunha estética sexualizada que se adquire xa na infancia, especialmente nas nenas.

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Unha vez feita a análise DAFO e vendo que o centro ten pouco poder para afrontar as dificultades de conectividade e outras similares, como se reflexa no apartado seguinte, decidimos seguir insistindo na súa resolución mentras que nos plantexamos novos retos.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Cremos que os recursos materiais no momento presente son suficientes tal e como viñemos traballando ata agora pero precisamos de certos equipos e software que nos permitan afrontar retos do proxecto dos **Polos Creativos** que solicitamos para o próximo curso, como se reflexa no presente plan de acción.

É preciso tamén que se proporcione **apoio á persoa que fai o mantemento** dos equipos e arranxa as averías xa que está sobrecargada de traballo e isto non lle permite atender ben a todas as súas tarefas no centro. É imposible resolver problemas de equipos, conexións, etc. e ter clase ó mesmo tempo.

Así mesmo temos un **problema moi grande de conexión a Internet** que nos impide sacar todo o potencial dos equipos que temos e dos programas nos que estamos. Tal é o caso que en ocasións algúns profesores botamos man dos nosos teléfonos particulares, conectando equipos a través deles, para conseguir levar adiante algunha tarefa. Neste senso, estamos insistindo para que nos solucionen o problema pero sen conseguilo.

Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”		Mellora da competencia dixital do profesorado para afrontar os novos desafíos			
OBXECTIVO (1)	Mellorar a competencia dixital do profesorado para afrontar o ensino das novas materias na ESO e a participación no proxecto “Polos Creativos” no caso de ser concedido.				Acadado
					Non acadado
Responsable	Isabel Pérez García				
Indicador/es do OBXECTIVO (2)	Polo menos un docente de cada ciclo recibe a formación, adecuada ás necesidades dese ciclo (2 en ESO, 3 en Primaria e 1 en E.I.)				
Valor de partida (3)	Só 1 docente conta con competencia en impresión 3D e outro en deseño dixital (2 en total)				
Valor previsto (4)	Un quinto do profesorado acada a competencia necesaria para afrontar ambos retos sen dificultade.	Data (4)	01/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	Responsables (6)	Data prevista fin (7)	Recursos necesarios (8)	Seguimentos das accións	
				Valoracións das accións (9)	Estado (10)
A01.1: Solicitar plan de PFPP recollendo esta necesidade formativa	Dirección e membro do equipo TIC	Finais de outubro de 2023	Reunión de equipo de profesorado interesado. Formulario para aportar ideas.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A01.2: Investigación para dar a coñecer ao profesorado exemplos de colexios nos que se estean a realizar proxectos interdisciplinares semellantes aos que re	Dirección e membro do equipo TIC	Decembro de 2023	Acceso a materiais publicados por outros centros. Ponencias e reunións de formación do equipo implicado.		Realizada
					Aprazada

requiren para traballar nos Polos Creativos (pode vir enmarcado no PFPP de ser concedido)					Pendente
AO1.3: Traballar no PFPP solicitado	Dirección e membro do equipo TIC	Finais de maio de 2023	Equipo de Impresión 3D. Mínimo de 6 profesores participantes. Software de interés a determinar cando se solicite a formación e en todo caso a principios do vindeiro curso. Ponencias e reunións do equipo implicado.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.4: En caso de non concederse o anterior, buscar actividades formativas en impresión 3D, deseño e outras que se concretarán no momento de finalizar a solicitude dos Polos creativos.	Dirección e membro do equipo TIC	Finais de maio de 2023	Equipo de Impresión 3D. Mínimo de 6 profesores participantes. Software de interés a determinar cando se solicite a formación e en todo caso a principios do vindeiro curso. Ponencias e reunións do equipo implicado.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando:

- No contexto da **avaliación procesual**, valorarase a consecución dos obxectivos unha vez ao trimestre. Usaranse os indicadores recollidos no Plan de Acción. Anotaranse as suxestións de mellora para o seguinte trimestre.
- No contexto da **avaliación final**, farémola a finais de maio do curso 2022/2023. A partir dela estudarase que plan de acción seguiremos o próximo curso

5. Difusión do plan

O Plan Dixital publicarase na páxina web, igual ca o resto dos documentos de organización do centro.